

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN
DIDÁCTICA.
4º DE EDUCACIÓN PRIMARIA
3º TRIMESTRE
CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP DE FIGUEIROA
CURSO: 4º DE EDUCACIÓN PRIMARIA
MATERIAS: CC.NN, CC.SS, L.GAL., L.CAST, MAT. E. PLAST.,
VV.SS.CC E REL.
DATA: 10 DE MAIO DE 2020

ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 1 DE 12	CENTRO: CEIP DE FIGUEIROA CURSO: 4º DE EDUCACIÓN PRIMARIA MATERIA: CCNN, CCS, L.G, L.C, MAT, E. P, VV.SS.CC E REL.
--	-------------------	---

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES TRABALLADOS NO TERCEIRO TRIMESTRE	
Estándares de aprendizaxe traballados no 3º trimestre	Grao mínimo de consecución (Perfil de área)
CIENCIAS DA NATUREZA	
4º-CNB1.1.1-Busca, selecciona e organiza a información importante, obtén conclusións e comunica o resultado de forma oral e escrita.	É quen de buscar e organizar información e comunicar o resultado de forma oral e escrita.
4º-CNB1.1.2-Presenta os traballos, en soporte dixital ou papel, de maneira ordenada, clara e limpa.	Presenta de forma clara, ordenada e coherente os seus traballos.
4º-CNB1.2.2-Emprega axeitadamente o vocabulario que corresponde a cada un dos bloques de contidos.	Emprega axeitadamente o vocabulario que corresponde a cada un dos bloques de contidos
4º-CNB2.1.1-Localiza os principais órganos vitais e entende a súa importancia no funcionamento do organismo.	Localiza os principais órganos vitais e entende a súa importancia no funcionamento do organismo
4º-CNB2.1.2-Recoñece a importancia dos sentidos para a relación co medio e as formas de coidalos.	Recoñece a importancia dos sentidos e as formas de coidalos
4º-CNB2.2.1-Identifica e adopta hábitos de hixiene, de descanso e de alimentación sa e diferencia prácticas e mensaxes que son contraproducentes para a saúde.	Identifica e adopta hábitos de hixiene, descanso e alimentación sa.
4º-CNB3.1.1-Observa, identifica e recoñece as características básicas e clasifica animais vertebrados e invertebrados do seu contorno, con criterio científico.	Observa, recoñece e clasifica animais vertebrados e invertebrados .
4º-CNB3.1.2-Observa, identifica e recoñece as características básicas e clasifica plantas do seu contorno, con criterio científico.	Observa, recoñece e clasifica plantas do seu entorno.
4º-CNB3.1.4-Identifica hábitats de seres vivos e elabora un protocolo para respectar a biodiversidade.	Identifica hábitats de seres vivos
4º-CNB3.2.1-Coñece e explica as funcións de relación, reprodución e alimentación.	Coñece e explica as funcións de relación, reprodución e alimentación

CIENCIAS SOCIAIS

4º-CSB1.1.1-Busca información (empregando as TIC e outras fontes directas e indirectas), selecciona a información relevante, a organiza, analiza, obtén conclusións sinxelas e as comunica oralmente e/ou por escrito.	Selecciona a información relevante dun texto escrito, oral ou multimedia (procedente das TIC) e comunícaa de forma oral ou escrita.
4º-CSB1.1.3-Realiza as tarefas encomendadas e presenta os traballos de maneira ordenada, clara e limpa.	Presenta os traballos de forma ordenada, limpa e clara respectando as normas dadas.
4º-CSB1.3.1-Emprega de maneira axeitada o vocabulario adquirido para ser capaz de ler, escribir e falar sobre Ciencias sociais.	Emprega o vocabulario novo pertencente á área manifestando un bo dominio del.
4º-CSB2.5.1-Define tempo atmosférico, identifica os distintos instrumentos de medida que se utilizan para a recollida de datos atmosféricos clasificándoos segundo a función e información que proporcionan e fai medicións, interpretacións de datos e predicións do tempo atmosférico.	Explica o tempo que fai, os instrumentos que se usan para a recollida de precipitacións, medida de temperatura e dirección do vento e é quen de interpretar datos provintes destas medicións.
4º-CSB2.5.3-Interpreta e elabora sinxelos mapas meteorolóxicos distinguindo os seus elementos principais.	Interpreta un mapa meteorolóxico distinguindo os símbolos que contén.
4º-CSB2.6.1-Define hidrosfera, e identifica e nomea as grandes masas e cursos de auga, explicando como se forman as augas subterráneas, como afloran e como se accede a elas.	Define hidrosfera e recoñece os océanos nun planisferio.
4º-CSB3.2.1-Identifica as principais institucións de Galicia e do Estado español e describe as súas funcións.	Identifica as principais institucións de Galicia.
4º-CSB3.3.1-Explica a organización territorial de España, nomea as estruturas básicas de goberno e localiza en mapas políticos as distintas comunidades autónomas que forman España.	Describe a organización territorial de España e a de Galicia.

LINGUA GALEGA

4º-LGB2.1.1-Comprende a información relevante en textos propios de situacións cotiás e dos medios de comunicación social nos que esta se amose	Comprende a información relevante en textos propios de situacións cotiás e dos medios de comunicación social nos que esta se amose de forma evidente.
--	---

de forma evidente.	
4º-LGB2.1.2-Identifica as ideas principais dun texto (narrativo, descritivo, expositivo) adecuado á súa idade.	Identifica as ideas principais dun texto (narrativo, descritivo, expositivo) adecuado á súa idade.
4º-LGB2.1.3-Busca, localiza e selecciona información concreta dun texto sinxelo, adecuado á súa idade.	Busca, localiza e selecciona información concreta dun texto sinxelo, adecuado á súa idade.
4º-LGB2.1.6-Emprega o dicionario para resolver as dúbidas de vocabulario que atopa nos textos.	Emprega o dicionario para resolver as dúbidas de vocabulario que atopa nos textos.
4º-LGB2.3.3-Realiza o resumo dun texto sinxelo.	Fai o resumo dun texto sinxelo.
4º-LGB3.1.3-Aplica, de forma xeral, os signos de puntuación (punto, coma, punto e coma, dous puntos, puntos suspensivos, signos de exclamación e interrogación).	Utiliza os signos de puntuación.
4º-LGB3.2.3-Elabora diferentes tipos de textos (narrativos, expositivos, descritivos) seguindo un guión establecido.	Elabora sinxelos textos narrativos e descritivos.
4º-LGB4.1.1-Sinala a denominación dos textos traballados e recoñece nestes enunciados, palabras e sílabas.	Recoñece diferenza distintos tipos de texto.
4º-LGB4.1.3-Diferencia as sílabas que conforman cada palabra, diferenciando a sílaba tónica das átonas.	Separa as sílabas dunha palabra e sinala as sílabas tónica e átonas.
4º-LGB4.1.5-Sinala o xénero e número de palabras dadas e cámbiao.	Identifica e é capaz de cambiar o xénero e número de palabras.
4º-LGB4.2.1-Aplica xeralmente as normas de acentuación.	Usa nas producións propias as normas de acentuación
4º-LGB4.2.2-Coñece e utiliza as normas ortográficas básicas, aplicándoas nas súas producións escritas.	Fai uso dos signos de puntuación.
4º-LGB4.3.1-Emprega con correccións os signos de puntuación.	Usa os signos de puntuación.
4º-LGB4.3.2-Usa unha sintaxe elemental adecuada nas súas producións.	Estrutura de xeito coherente as frases e oracións

4º-LGB4.7.1-Recoñece palabras derivadas e compostas, identificando e formando familias de palabras.	Identifica palabras derivadas, compostas e forma familias de palabras
4º-LGB4.7.2-Recoñece e usa sinónimos, antónimos, palabras polisémicas de uso habitual.	Usa sinónimos, antónimos e palabras polisémicas.
4º-LGB5.1.1-Escoita, memoriza e reproduce textos procedentes da literatura popular oral galega (adiviñas, lendas, contos, poemas, cancións, ditos) e da literatura galega en xeral.	Reproduce textos sinxelos procedentes da literatura popular oral galega (adiviñas, lendas, contos, poemas, cancións, ditos)
LINGUA CASTELÁ	
4º-LCB2.1.1-Le en silencio e en voz alta, sen dificultade e con certa expresividade, diferentes tipos de textos apropiados á súa idade	É capaz de ler atenta e correctamente tanto en silencio como en voz alta todo tipo de textos apropiados á súa idade.
4º-LCB2.3.6-Iníciase na utilización autónoma do dicionario en distintos soportes, no seu traballo escolar.	É capaz de buscar palabras no dicionario, atopalas e escoller a definición correcta.
4º-LCB2.4.1-Dedica un tempo semanal para a lectura voluntaria de diferentes textos.	Le de xeito voluntario.
4º-LCB3.1.1-Escribe, en diferentes soportes, textos sinxelo do ámbito escolar e social: atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos) diarios, cartas, correos electrónicos, noticias, contos, folletos informativos, narracións, textos científicos, anuncios publicitarios, receitas, instrucións, normas.	Escribe, en diferentes soportes, textos sinxelo do ámbito escolar e social: atendendo á forma da mensaxe e a súa intención comunicativa.
4º-LCB3.5.2-Elabora con creatividade textos breves do seu interese: contos, anuncios, rimas, cancións, cómics, carteis, ilustrándoos para facilitar a súa comprensión ou mellorar a súa presentación.	Elabora traballos en papel e dixital aplicando as normas básicas de coherencia, ortografía e presentación.
4º-LCB4.1.1-Coñece e recoñece as categorías gramaticais pola súa función na lingua: presentar ao nome, substituír ao nome, expresar características do	Recoñece distintas clases de palabras: nome, verbo, adxectivo, pronomes, artigos.

nome, expresar accións ou estados.	
4º-LCB4.2.1-Coñece, recoñece e usa sinónimos, antónimos, polisémicos ou frases feitas na expresión oral e escrita.	Recoñece palabras sinónimas, antónimas, polisémicas, frases feitas.
4º-LCB4.2.2-Recoñece prefixos e sufixos e é capaz de crear palabras derivadas.	Usa prefixos, sufixos e constrúe palabras derivadas.
4º-LCB4.2.3-Identifica e clasifica os diferentes tipos de palabras nun texto.	Identifica e clasifica os diferentes tipos de palabras nun texto.
4º-LCB4.2.4-Utiliza diversos conectores básicos entre oracións ao producir textos orais e escritos.	Comprende o uso e a necesidade de empregar os conectores nas súas producións orais e escritas e sempre os aplica correctamente.
4º-LCB4.2.5-Recoñece a oración simple, distingue suxeito e predicado.	Distingue suxeito e predicado dunha oración.
4º-LCB4.3.3-Utiliza as normas ortográficas básicas nas súas producións escritas.	Utiliza as normas ortográficas básicas nas súas producións escritas.
4º-LCB4.4.2-Utiliza correctamente as normas de concordancia de xénero e de número na expresión oral e escrita.	Aplica a concordancia de xénero e número. Comp. lectora. Exp. oral e escrita.
4º-LCB4.4.4-Usa os signos de puntuación ao producir textos escritos.	Aplica as normas de puntuación.
4º-LCB4.4.6-Utiliza unha sintaxe básica nas producións escritas propias.	Escribe de xeito coherente e con sintaxe básica.
4º-LCB5.2.1-Realiza lecturas guiadas e comentadas de textos narrativos de tradición oral, literatura infantil, adaptacións de obras clásicas e literatura actual.	Realiza lecturas de textos de tradición oral, literatura infantil e adaptacións de obras clásicas.
MATEMÁTICAS	
4º-MTB1.2.1-Reflexiona sobre o proceso de resolución de problemas: revisa as operacións utilizadas, as unidades dos resultados, comproba e interpreta	Identifica diferentes maneiras de resolver un problema.

as solucións no contexto da situación, busca outras formas de resolución etc.	
4º-MTB2.1.2-Le, escribe e ordena en textos numéricos e da vida cotiá, números (naturais, fraccións e decimais ata as centésimas), utilizando razoamentos apropiados e interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.	Le, escribe e ordena en textos numéricos e da vida cotiá, números naturais, decimais e fraccións, utilizando razoamentos apropiados e recoñecendo o seu valor.
4º-MTB2.2.1-Descompón, compón e redondea números naturais e decimais, interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.	Descompón e compón números -naturais, decimais e fraccións- recoñecendo o seu valor.
4º-MTB2.3.1-Aplica as propiedades das operacións e as relacións entre elas.	Aplica as propiedades das operacións e as relacións entre elas.
4º-MTB2.3.2-Realiza sumas e restas de fraccións co mesmo denominador na resolución de problemas contextualizados. .	Realiza sumas e restas de fraccións co mesmo denominador na resolución de problemas sinxelos.
4º-MTB2.3.3-Realiza operacións con números decimais na resolución de problemas contextualizados.	Realiza operacións con números decimais na resolución de problemas sinxelos.
4º-MTB2.4.1-Emprega e automatiza algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división (de ata dúas cifras) con distintos tipos de números, en comprobación de resultados en contextos de resolución de problemas e en situacións cotiás.	É quen de empregar sumas, restas, multiplicacións e divisións (entre dúas cifras) en problemas sinxelos da vida diaria sistematizando que algoritmo debe de usar en cada caso.
4º-MTB2.5.1-Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados, empregando estratexias heurísticas, de razoamento (clasificación, recoñecemento das relacións, uso de exemplos contrarios), creando conxecturas, construindo, argumentando e tomando decisións.	Resolve problemas sinxelos empregando razoamentos que seguen un procedemento aprendido.
4º-MTB2.5.2-Reflexiona sobre o procedemento aplicado á resolución de problemas revisando as operacións empregadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto e buscando outras formas de resolvelo.	Selecciona o procedemento axeitado e é quen de explicar por que emprega ese esforzándose por recoller sempre datos, operacións, croquis ou debuxo do problema cando sexa necesario, e resposta escrita respectando ás unidades.

EDUCACIÓN PLÁSTICA

4º-EPB2.1.10-Representa imaxes usando diferentes características da cor.

Representa imaxes usando distintas cores.

4º-EPB2.1.3-Utiliza as cores, as mesturas e a tonalidade con sentido estético, de forma cada vez máis autónoma.

Combina cores buscando un efecto orixinal.

AS COMPETENCIAS TRABALLADAS NO TERCEIRO TRIMESTRE

Durante este trimestre traballaremos fundamentalmente as competencias lingüística (CL), matemática e científico tecnolóxica (CMCT), a competencia dixital (CD) e a competencia aprender a aprender (CAA).

As dúas primeiras -CL e CMCT- son ferramentas chave de outras aprendizaxes e polo tanto trataremos de mellorar a comprensión e expresión tanto escritas como orais, ampliando o vocabulario e empregando a lingua con distintas finalidades. En canto á Competencia Dixital trataremos de mellorar as operacións básicas e a resolución de problemas sacados de situacións da vida real.

A maneira de traballar tamén favorecerá a Competencia Dixital xa que a utilización de Snappet e o intercambio de formación a través do chat de esta aplicación favorecerá a mellora do alumnado en TICs.

Intentaremos fomentar tamén a Competencia Aprender a Aprender posto que moitas das actividades propostas serán corrixidas polo propio alumnado a través dos solucionarios que enviaremos e isto tamén beneficiará a autonomía diante do propio traballo.

1. Avaliación e cualificación

En Educación Primaria a programación é realizada dende as titorías polo que os procedementos e instrumentos empregados son válidos para todas as materias.

Avaliación	Procedementos: <ol style="list-style-type: none">1. Observación sistemática a través de aplicacións telemáticas.2. Análise de producións.3. Intercambios orais co alumnado.
	Instrumentos: <ol style="list-style-type: none">1. Listas de control de realización de actividades propostas.2. Análise de traballos postos ao alumnado.3. Resolución de exercicios e actividades propostas.
Avaliación Terceiro Trimestre e cualificación final	<p>A avaliación realizada terá como finalidade o diagnóstico da situación de cada alumno e será formativa. Terá como finalidade ben a recuperación da materia non superada en trimestres anteriores ou poderá mellorar a cualificación anual dos alumnos.</p> <p>Nas materias onde a avaliación ordinaria era continua (L.GAL., L.CAST., Ed. Plástica, VV.SS.CC e REL.) a nota coincidirá coa da segunda avaliación se esta é positiva e poderá valorarse un incremento da mesma se o mestre á vista do traballo realizado por cada alumno ou alumna neste terceiro trimestre o considera oportuno. No caso de alumnos con algunha destas materias pendentes nos primeiros trimestres valorárase a recuperación das mesmas á vista do traballo realizado.</p> <p>No caso das materias nas cales a avaliación ordinaria proceda da media aritmética dos trimestres (MAT., CC.NN e CC.SS) farase sobre os tres trimestres se a avaliación dos dous primeiros era positiva e terase en conta o terceiro trimestre (que dá a opción de recuperar os dous primeiros en caso de que non fose positiva).</p>
Alumnado de materia pendente	<p>O alumnado con materia pendente en primaria será avaliado no curso que actualmente estea realizando desa materia. No momento en que un alumno logra o aprobado considerase que superou a materia do curso anterior.</p>

2. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

<p>Actividades</p>	<p>MATEMÁTICAS: As actividades planificadas para este trimestre serán: DE REPASO E REFORZO: Exercicios prácticos con contidos pertencentes a unidades didácticas traballadas nos dous anteriores trimestres para consolidar coñecementos xa adquiridos, relacionados sobre todo cos números. Actividades relacionadas con necesidades que xorden na vida diaria para aplicar eses coñecementos en situacións prácticas. Estas actividades de reforzo e repaso servirán de RECUPERACIÓN a aqueles alumnos ou alumnas que non teñan superada a materia dos dous primeiros trimestres.</p> <p>L.G E L.C: As actividades planificadas para este trimestre serán de repaso, reforzo e consolidación dos estándares antes sinalados relacionados sobre todo coa comunicación escrita, ler e escribir, con algúns aspectos do coñecemento da lingua. Recibirán proposta de lectura on line dun libro en lingua galega para traballar a través de fichas a competencia lingüística.</p> <p>CC.NN e CC. SS: Realizaranse tarefas interdisciplinares con lingua galega para o reforzo e repaso de contidos sobre os seres vivos, o ser humano e a saúde en CCN. En CC.SS, sobre o mundo que nos rodea e vivir en sociedade. Recibirán proposta da elaboración dun pequeno proxecto titulado “caderno viaxeiro” para traballar dun xeito máis lúdico e motivador estas áreas.</p> <p>En E.P: Ofreceránselle propostas variadas e lúdicas para que poidan poñer en práctica a súa creatividade.</p>
<p>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</p>	<p>A metodoloxía seguida polas titoras de cuarto está sustentada no uso de ferramenta SNAPPET que nos permite a proposta de actividades interactivas en matemáticas , lingua castelá e lingua galega. Seguimento do traballo realizado diariamente e por semana por parte do alumnado. Comunicación escrita con todos os nenos/as a través do chat.</p> <p>Semanalmente propoñemos fichas repaso en pdf para poder imprimir ou traballar no caderno. Pequeno proxecto “Caderno de viaxeiro/a”. Enlaces para visualizar vídeos relacionados coas ciencias e para lectura do libro.</p> <p>Ao rematar a semana aportamos solucionarios das fichas en pdf .</p> <p>Con Abalar móbil facemos chegar avisos ou comentarios ás familias.</p> <p>Recepción de algúns traballos por correo electrónico.</p>
<p>Materiais e recursos</p>	<p>Snappet.</p> <p>Tarefas e actividades deseñadas para todas as materias en pdf.</p> <p>Enlaces para visualizar vídeos relacionados coas ciencias.</p> <p>Enlace para ler o libro “Fred Quincalla o nómade do mar”. Fichas para traballar a lectura en pdf.</p> <p>Libros de texto en formato dixital.</p>

	Instrucións , proxecto “caderno viaxeiro”. Materiais dixitais seleccionados polas titoras. Biblioteca dixital ELBE- 2
--	---

3. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	Farase unha comunicación ás familias empregando o Abalar Móbil.
Publicidade	Na web do centro.